

**textos para kosmos en expansión
2001-2002**

apoiada no limiar deste poema

apoiada no limiar deste poema miro hacia o interior e
véxote a ti, coa maxestade dun felino anoxado co seu soño
co seu soño no que le algo que o nomea
hosco coa súa natureza animal e ansioso de deglutirme
felix felix: gato que se estira

a miña figura recúrtase contra a páxina, insultante i
embebida en tinta
está de perfil, e mira con languidez un infinito longo
dende a cama hai voltas de animal que non cesa, de humano que se rende

miro hacia o exterior dunha noite curvada ata se tocar a si
mesma, ata contemplarse en si mesma coma eu me
contemplo, entre as páxinas sucias dunhas nubes eternas
nunca hai tantas nubes coma nos poemas

son unha figura recurtada contra un limiar que ti sostés con
saliva finísima semellante a un beixo que aínda nos doe
o teu soño tan prácido parece confundirnos

i estou de pe
unha sombra nun case teatro de sombras
e ti afundes no soño deste texto, coas súas cores, coa súa
luz xirada, o seu harén de formas, co seu centro de deleite
suxeito na forma mesma do non espertar

i eu aspiro o teu soño coma opio
i envexo o teu soño
i escribo o teu soño feita unha ionqui neste leve cárcere
e béixote e belíscote
e non espertas

cooltismos

Non sei se saben que hai moita vitamina C nos cítricos.
Os agricultores nómades de climas semiáridos estragan
menos o solo.
Podería citar tamén a acción de esmerilado que os grans de
area provocan na erosión eólica.
Ou que o bestiario de York coñece edición facsimilar.
Athanasius Kircher, nacido hai catro séculos, sabíao todo.
E Platón admiraba a arte exipcia.
Vostede, que me mira así, tivo un ancestro que gravou un
cervo nun trozo de óso.
E discútese se a escritura máis antiga non será a de Vinca,
nas beiras do Danubio.
Toda esta información está ao alcance de calquera.
Son puntos de ancoraxe que nos evitan, certos días,
camiñar por esta terra coma fantasmas.

antártida

O pensamento aseméllase moito á Antártida. Inhóspito,
branco como punto de partida. Especies que non se
coñecen, prospeccións por unha pinga de auga que garda
valiosos documentos, montañas de loucura.
Estacións de intencións descoñecidas, un halo inconsciente.
Anestesia total pola falta de referencias humanas, escarcha
na punta das palabras.
Non hai consolo e é unha vasta paraxe,
esta.
Pero non busco o consolo, que é unha fácil traizón.
Da nada branca pico unha fonte de tinta negrísima que me
oculta, por un momento, a propia identidade.

a lenta aprendizaxe de ser cosmos

Con obediencia penso no meu lugar na historia.

Estou soa con esa idea e toma unha forma inquietante.
Porque a seguinte frase que escriba pode determinar un
pequeno oco na historia
pero a que me interesa pode determinar un pequeno oco
na vida.
A miña vida pende do que escribo.
Curiosamente non hei máis vida que esa. Pero non penso
contarche máis nada.

Ti es violento e inalcanzable. Tamén para min.
Non teño nin idea de quen es.
Por iso abro moito os ollos e penso no meu lugar na historia
coa arrogancia dos que pensan no seu lugar na historia
coa súa irritación.
Desmembrándome por alcanzarte, e logo facendo con eses
membros cousas que nunca diría
Collo unha desesperación deforme e ameaza con me quitar
o alento.

Será que a miña vida pende da consecución final desta
frase e só dela.
E como non hai esmolas que vallan na existencia dun
mesmo, hei pregarme a ela, ao seu dictame que vén con
lanza ao meu costado e ságrame dunha forza que nunca
vira antes.

A lenta aprendizaxe de ser cosmos arrástrase pola terra
así é o meu rostro.
Si. E tamén é o teu.

vivisección dun haiku con caracol

Non sei se coñecen este haiku: *Oh, caracol. Ascende o Fuji Yama. Pero a modo. A modo.* Non existe metáfora algunha: o caracol é o bicho, o Fuji o volcán. Non hai ironía: os caracois realmente soben a modo. Nin encabalgamentos, nin recursos sintácticos: a orde das palabras é, anque breve, lóxica. Non rima, a memorización non entra en xogo nesta estampita nipona, difícil de esquecer por outra banda. Non hai poema. En definitiva, que diaño é isto? Sen metáforas nin esdruxulismo barato, o único que temos é un caracol subindo por un taciturno e megalómano volcán. Un caracol que babexa. Incapaz de esquivar un alude. Que busca o sol cos corniños e mordisquea plantas sagradas. Ignorante de *escargots*, haikus e do significado das verbas Fuji e Yama.

Lograr iso dun caracol en só tres liñas é xa bastante prodixioso como para pretenderlle lirismos occidentais.

revisited dexo

Un día calquera, pero non tan calquera, Ulises colleu o coche.
Penélope quedou pintando "A batalla de San Romano" e Argos, aburrido.
Ulises, co torso descuberto como Kirk Douglas, tomou Alfonso Molina a velocidades pouco aconselladas para escoitar sereas.
Ao chegar á confluencia previa á Ponte Pasaxe consultou un pequeno mapiña que levaba na guanteira.
Ía unha boa mañá, escila a un lado, caribdis ao outro.
Quedou atrás o itsmo e colleu á esquerda, na ruta que lle din Bastiagueiro.
Pasou o Nirvana cun sorriso nos labios.
Pasou Santa Cruz, aínda quedaba un anaco.
O chalet do crime do chicano, curva en pendente.
Dorneda, as praias de Mera, seguimos.
Albiscamos o Cubo e aí Ulises abandona a xeral.
Un carteliño á esquerda: Dexo 2.
Casiñas pequenas, volta a consultar o mapa.
O Chiste, a pista á capeliña.
Por pouco pasa o desvío: desvío á dereita, que conduce ao porto.
Baixa a modiño, pisando o freo con astucia.
Non hai coche ningún, só as dedaleiras.

Ulises detense. Desce do auto, contemplativo.
A súa mirada, como a de Kirk Douglas, parece deberse a algún opiáceo.

Un foco de sol afunde no mar, quéimao.
Ulises abre a cremalleira e inspira.
Cando un home baixa a cremalleira é que está como en casa.
Todo o resto é mitoloxía.

loita

Acabo de atopar este poema entre os meus papeis
e ves que xa non sei se fun eu quen o escribiu
ou se cadra ti

En calquera caso gústame, así que mo atribúo

Se queres vir por el
cruza a páxina

Loita comigo

this could be heaven

O entusiasmo do ceo é imitable.

Con cánta obcecación
crea e destrúe.
Sen saberse orixinal a cada átomo.

Con qué canibalismo faino todo.
É como unha fera sen fera.
E por fóra, unha perenne frixidez de cousa cósmica.

Eu, que son todo o contrario do cosmos, ámoo
indignamente.
Teño unha casa chea de recheo i el, elegantemente baleiro.
Son torpe porque falo da miña torpeza i el, cunha
indolencia tan crúa.
Aínda así, atrevo a cuestionarme. I el, púlsares e silencio.

Sonme a medida das medidas. E o ceo, en quee analfabeta
expansión!
Mira por riba de si mesmo. El si sabe cómo facer.

Ás veces, sospeito que no fondo non nos ignora.
Que nos contará tenramente antes de nos devorar dunha
sentada
coma quen contase as estrelas á beira dunha noite
noite insomne
desas que non acaban de pasar.

escribo este poema, obediente

_Escribo este poema, obediente, pero en realidade imaxino a un pai que pasea coa súa filla nunha mañá chea de sol e vaille lendo este mesmo poema namentres enfilan moi dispostos á caseta dos xeados. O pai ri moito e amósalle á nena esta frase, mentres exclama

esta Estíbaliz! Cómo é! Mira que nos fai rir!

E a nena dille que si, moi sorrinte, e que o quere de pistacho con nata.

E o xeadeiro, un home xeneroso co seu volume no mundo, non deixa de apostilar, poñendo a bola no cucurucho

outra vez lendo a Estíbaliz, eh? É certamente admirable

Así, como un personaxe de Hamlet.

E pai e filla marchan cos seus xeados que se derreten moi axiña, moi axiña, bulindo onda o vendedor de globos e sen deixar de rir.

E xusto nese momento, ao vendedor de globos escápalle contra o ceo tan azul a morea de globos que con amor inchara esa mesma mañanciña.

Sen deixar de rir.

Contra o ceo tan azul.

halo

Esta época.
Non outra. Esta. A de aquí.
Con esta fase da tecnoloxía. Os minerais descoñecidos.
Precisamente con esas preguntas que vos facedes algunha vez.
Con esas mesmas preguntas.
E non outras.

I este lugar.
Debaixo dos vosos pés, isto.
E sobre a vosa cabeza, aquilo.
I ese horizonte que, casualmente, non estades vendo.

Con toda esa xente que vos cruzades. A xente que vos tocou na viaxe.
Que podía vivir noutro lugar ou hai mil anos pero vive convosco,
aquí.
Con esta imaxe que hai diante de vós que é precisamente *esta.*
Esta e non esta.
E vós dentro de vós coma pequenos seres dentro do seu halo.
Véndoo todo con certo medo, con certa consideración ou lanzando o voso corpo á vida como un lanzador de coitelos
dun circo que vin unha vez
non sei cándo
nin ónde

couldina

Mirar é un acto humilde. Nun rapto de humildade escribín un libro de moitas letras sobre o feito de mirar. Mirar é un acto de congratulación co mundo. A cousa mirada, se non se sabe mirada, é poderosísima para nós.

Mira ese vaso. Dirás que ten a inxenuidade do cristal, pero ten a realeza do príncipe. Mira agora a esa muller, a curva do seu cóbado. A curva do seu cóbado é toda a filosofía china metida dentro, como unha droga sutilísima que outorga dons sen término.

Mirar ten algo das máquinas. As máquinas mírannos. Ullir, ulimos nós. Oír, oímos nós. E tocamos. Pero a mirada é propia dos seres que non chegan á categoría de seres. As estrelas. Hai algo de mirada nesa lenta ascensión. O frío.

O frío míranos.

Nunca viches un frío cortante como este verso
parar no medio e mirarte?

Creo que son eu.

carbono

Dentro da casa hai luz. A casa está no fondo dun val que corre cara o mar e Betelgeuse. Por fóra chove con limpeza, como se a chuvia fose eximir de algo. Dentro da casa, a vida fai das súas.

Medra do interior dunha maceta.

Obscenamente se reproduce baixo os ángulos cheos de po.

Obscenamente

agarda vítimas.

Ladra e ulísquea e ten un brillo de traizón no cimo do instinto.

Prepara cousas na cociña. Cousas que arrecenden e que atraen máis vida coma o sangue derramado dunha besta no medio dun bosque dunha película francesa.

Ou mantense en silencio escribindo isto cunha obediencia a ninguén debida.

Tamén a vida vive cunha insolencia a ninguén debida.

Para que se van explicar estas palabras?

Na casa hai luz.

Iso é canto importa.

nada

As cousas que non podemos pensar están todas flotando
nesta folla de papel, cos seus alfabetos analfabetos.

Aquí está iso.

O que soñaches antonte.

Un home que ninguén no mundo lembra, máis ca ti.

A cerrazón da pel sobre si mesma que configura
pensamentos ou cicatrices.

Escribir isto non serve de nada. Absolutamente de nada.
Entrégome a esa nada con alegría.

Todo o que non podo pensar
quizais pode pensalo quen le agora estes alfabetos tan
torpes porque vive dentro doutra vida.

E ri da miña miopía
pero tamén me admira
en secreto.

cómo utilizar o zoom

Baixa, baixa un pouco máis. Moi ben, si. Agora centra a imaxe. Centra a imaxe. Así, perfecto. Agora premes o botón esquerdo. Si, así, si.

Agora agarda e a imaxe redefine no centro.

Aí estamos nós.

Non sei se colleremos todos.

Os humanos.

durante moitos versos que omite

durante moitos versos que omite estivo aquí, mirando
aquí
mirándote

estaba preparada para ser a actriz que todo o rompe nun
ataque de loucura
porque é a súa loucura a dona, só a que ela ten

son as once da mañá
e a terra está tan lonxe dela

non deixa de mirarte
a túa reacción
é coma se pronunciasen o seu nome sílaba a sílaba
e o seu nome deixara de ser transparente
nun anel do ventre da árbore que sinalaba Madeleine

está coma na estirpe mesma dun remuíño que non será
nada
ela, a condenada a ser papel
a comesta

das once e media da mañá tan lonxe dela
que nin isto semella a terra
nin ti semellas ser ti
nin ela cre ter dito nada disto

atrezzo: un brazo de estrelas –lentamente- separa de nós

suspense

non sigas lendo. isto é unha trampa.
non vou dicirche que faría canto quixeras

e estamos incriminados nela, ti e máis eu
non vou dicirche que quizais non

e debes seguirme punto por punto ata o final
non vou dicirche que enterrei todas as palabras

estás atrapado agora, e a vida váiselle a este poema
poderás empezalo unha e mil veces e unha e mil veces acabará da
mesma forma
estamos só os dous e ti fasme sentir que todo isto é certo

pero se non é certo, por qué segues aquí
por qué segues
a piques de caer nesta trampa indivisa
na vida que se lle vai a este poema, secamente

faría canto quixeras
quizais non
enterrei todas as palabras

quédanme estas para che dicir que quero
aprender
o teu rostro
de memoria

samsara

Que pensaron de min?
Vostedes dispuxeron o meu nome e
-sen sabelo-
a forma do meu nariz.

Coñecémonos no verán
supoño
que lles gustei bastante.
Non lembro o seu olor
nin a forma da súa man.
Nin teño constancia de que tivesen voz.
Eu había frío.
Era o mundo.
Era o mundo contra o que non hai cura, salvo a insania.
Era este mesmo mundo, non outro.

Vostedes apertáronme tantas veces mentres o sol se puña
e saía para min
e eu era a penas calcio e instinto.
Miráronme tanto tempo sen que eu puidese velos.
Supoño que me falaron
supoño
que se despediron algunha vez de min
cando durmía.

Agora eu son vostedes
e non me sae doutra maneira.
Son vostedes ata que me extinga.
Son vostedes, que nada foron.
Que non me tiveron. Nunca.

E non me sae doutra maneira.
E niso son tan implacable.
En servos son tan implacable, cousas que agora sodes,
serán, con, anxo caído

vaso campaniforme, faia, millón de anos...
cousas que agora sodes
e que non sodes xa
guillermo
espinosa
marcos